



menos
RESIDUOS

más
RECURSOS



COMPRA CON CABEZA.

Fai unha lista do que precisas e axústate á mesma. Olla coa publicidade, as ofertas tentadoras e as necesidades inexistentes que outros nos acaban creando.

2

DÁ PREFERENCIA AOS PRODUTOS LOCAIS E DE TEMPADA.

Contribuirás a reducir a pegada ecolóxica dos mesmos e a xerar actividade económica sostible na túa contorna.



O USAR E TIRAR TENSE QUE ACABAR.

Adquire bens de longa duración, facilmente reutilizables e reparables. Nada de pratos, vasos e cubertos de plástico dun só uso. As posibilidades da louza, o vidro, o aceiro e aluminio son infinitas.

4

RECUPERA O CARRO DA COMPRA DE TODA A VIDA OU LEVA A TÚA PROPIA BOLSA AO SUPERMERCADO.

A vida útil dunha bolsa plástica é de aproximadamente 12 minutos, pero tarda séculos en degradarse. Se aínda así acabas sucumbindo á mesma, recorda depositala no contedor amarelo.



PRIORIZA A ADQUISICIÓN DE PRODUTOS A GRANEL E FOXE DO ENVASE E EMBALAXE EXCESIVA.

Acabas levando para a casa demasiadas caixas, papeis e envoltorios. Libera o medio ambiente de elementos innecesarios que pronto se acaban convertendo en lixo .


1



3



5



MODÉRATE Á HORA DE IMPRIMIR.

Evita malgastar o papel e, cando non teñas alternativa, aproveita as dúas caras.

6

7

COA COMIDA NON SE XOGA.

En Europa desperdiciamos, nin máis nin menos, que un terzo dos alimentos que se producen, orixinando un problema ambiental, económico, social e moral de primeira magnitude. Revisa periodicamente a despensa e a neveira, compra con moderación, presta atención ás datas de caducidade e axusta as racións ao número de comensais. E coas sobras, prepara novos menús.



MÁIS VIDA PARA A ROUPA QUE NON USAS.

Organizacións especializadas encárganse da mesma para a súa reutilización e reciclaxe. Non abarrotas o teu armario de prendas que non utilices. Moitas persoas as necesitan.

8

9

PONTE AS PILAS.

Opta polas verdes e recargables. Unha soa pila botón pode chegar a contaminar ata 600.000 litros de auga.



SEPARA OS TEUS RESIDUOS.

E deposítaos nos contedores correspondentes: amarelo, para latas, briks e envases de plástico; azul, para envases de cartón e papel; iglú verde, para os envases de vidro; recipiente específico para pilas; e contedor verde convencional, para a fracción resto. Se habitas nunha vivenda unifamiliar con xardín ou horta, o composteiro pode ser unha magnífica opción para propiciar a reciclaxe da materia orgánica.

10

E non esquezas que
**O MELLOR RESIDUO
É O QUE NON SE PRODUCE.**